

Xornada de

BENVINDA



Desenho: Área de Imaxe e Comunicación | Dirección: Área de Comunicación | Cóns Institucionais

6 de setembro de 2024
10.30 h
Salón de actos Marie Curie
Edificio Politécnico
Campus de Ourense

aero.uvigo.es





Universidade de Vigo

Presentación

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) é un centro universitario ubicado no campus de Ourense da Universidade de Vigo que foi creado mediante o Decreto 6/2017, do 12 de xaneiro. A EEAE conta cun equipo humano con ampla traxectoria na xestión académica na docencia, e na investigación, destacando neste último apartado varios grupos que traballan en disciplinas de grande importancia para o sector aeroespacial como son a física aplicada, informática, mecánica de fluídos, matemática aplicada, expresión gráfica, química, estatística, electrónica, automática, ciencias dos materiais ou fabricación, por citar algunhas. O profesorado da escola ten por obxectivo formar aos preto de douscentos cincuenta alumnos que actualmente cursan os seus estudos na EEAE.

O Grao en Enxeñaría Aeroespacial, con mencións en aeronaves e equipos e materiais aeroespaciais, forma especialistas nunha profesión regulada ocupados do deseño, construción, mantemento e mellora de aeronaves e vehículos espaciais, así como de todo o equipamento, subsistemas e infraestruturas que requiren. Para continuar coa formación aeroespacial dos futuros egresados e egresadas do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, ofértanse na escola o Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica, que habilita para o exercicio da profesión regulada, e o Máster universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados (como mestrado interuniversitario en colaboración coa USC).

Destinatarios

Alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Obxectivos

- Facilitar ao novo alumnado o tránsito e a adaptación á contorna universitaria.
- Presentar os recursos e ferramentas que terán ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en particular, na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
- Dar a coñecer as aulas, laboratorios e instalacións onde recibirán docencia, así como outras infraestruturas do Campus de Ourense.

Programa

10.30 h Recepción e benvida polo equipo directivo do centro

10.45 h Presentación dos distintos servizos do Campus de Ourense

- Área de Grao de Informática, Ciencias e Aeronáutica
- Servizo de Extensión Universitaria
- Coordinador de Mobilidade do centro
- Representantes da Delegación do alumnado

11.30 h Visita para coñecer o campus co equipo directivo e profesorado do centro

Información

Secretaría de dirección da EEAE

Para consultas relativas á información xeral sobre a titulación e o profesorado do centro

Planta baixa. Edificio Politécnico
988 368 823
aero.info@uvigo.gal

Administración da Escola Superior de Enxeñaría Informática, Facultade de Ciencias e da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Para consultas relativas á xestión académica (admisión, traslados, recoñecemento de créditos, etc.)

Planta baixa. Edificio Politécnico
988 387 004
988 387 003
act@uvigo.gal



aero.uvigo.es